

REI NÚÑEZ, LUÍS (2022): *Matarán a Reboiras*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 472 pp.

Sempre é motivo de alegría que Luís Rei Núñez presente unha novela, pois iso supón ter á nosa disposición unha nova obra dun talentoso e concienciado escritor que aborda temas interesantes e salienta pola esmerada construción e coidado de cada un dos textos que publica.

Ademais de exercer o xornalismo durante case catro décadas (dous anos nunha emisora de radio, tres na prensa escrita e máis de trinta na Televisión de Galicia), Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) conta cunha ampla obra poética, xénero que supuxo o seu debut na literatura nos anos oitenta do século XX e ao que segue sen renunciar. Neste eido, conta no seu haber con títulos tan importantes como *A rolda invisible* (1988), *Alma mareira* (2003) ou *As sílabas do mundo* (2022), a última por agora, nos que se distinguen claves como o seu gusto por afondar na tradición, nos recellos das emocións e nas marcas que deixa o paso do tempo. É ademais un brillante ensaísta, dos escasos que no sistema galego se cinguen ás características que identifican o verdadeiro ensaio literario, dos que abordan os temas cunha mestura de paixón polo que se expoñen e unha manifesta vontade de estilo. Sirva de exemplo, o seu rigoroso traballo arredor de Rafael Dieste, que se pode ler en volumes fundamentais para afondar na figura do rianxeiro como *A travesía dun século* (1987) ou no máis recente e completísimo *Rafael Dieste. O libre pensamento* (2019).

Como narrador, a súa traxectoria arrinca en 1989 con *A rota dos adeuses* e componse a esta altura de obras de imprescindible lectura, como *Expediente Artieda*, coa que acadou o Premio Xerais en 2000; *A estrela dos polisóns* (2003), un achegamento á novela de iniciación; ou a extraordinaria *Monte Louro* (2009), Premio Blanco Amor en 2009 e Premio Ferenzas Literarias á mellor novela dese ano, por citar algúns títulos.

Nun resumo apresurado das claves que singularizan a súa voz cómpre destacar en primeiro termo que estamos perante un escritor baixo o cal se fai evidente o lector, pois na súa obra resoan as voces dos seus autores admirados, cos que non dubida en dialogar, sexa mediante a cita directa, sexa mediante o manexo intelixente dunha intertextualidade ben entendida. Se ben sería desexable que en calquera escritor houbera un lector, por desgraza, este feito é cada vez menos habitual. Sobre este particular manifestábase precisamente o noso autor nunha entrevista datada en 2014 (dispoñible en: <https://biosbardia.wordpress.com/2014/12/15/luis-rei-nunez-a-literatura-galega-actual-elude-os-temas-que-poden-crear-controversia/>): «Hai demasiada xente que pensa que debe publicar un libro e pouca que pensa que debe ler cen libros. Quizais é máis necesario ler ca publicar, sobre todo cando hai tantos escritores con obra publicada que non len nada».

Nese mesmo texto queda de manifesto o seu proceso de traballo —«Escribir non é partir de cero diante da pantalla en branco. Escribir é o que aparece logo de ler constantemente e envorcar a esencia dese coñecemento nun texto», que nos leva a intuír que cociña os textos a lume maino, que os somete a un lento proceso de construción e meditación na procura da excelencia, a nivel estilístico, temático e estrutural. E, neste sentido, é fundamental e meritória a súa indagación no material que sostén o edificio da escrita, o cemento, a argamasa, os alicerces: a lingua. As obras de Luís Rei Núñez acariñan a lingua, xogan con ela, afondan na metáfora, na plasticidade, na transparencia e na riqueza léxica, sorprenden con pinceladas poéticas, e as súas palabras aparecen envolvidas en ben de ocasións no humor e a ironía.

Dos títulos de narrativa que leva editados despréndese unha vocación de unidade, perceptible, por exemplo, no seu gusto por transitar os vieiros que decorren entre a ficción e a realidade, xogando con ambas as dúas

dimensións, ofrecendo datos novos froito de arduas pescudas ou fabulando co que puido ser, cativado por xente tan fascinante como o señor LUGRÍS –*O señor LUGRÍS e a negra sombra* (2007)– ou o señor CASTELAO –*O encargo do señor Castelao* (2016)–. Sitúase en diferentes momentos do século XX para afondar neles e contar a nosa historia sen esperar a que a contén outros, con boas doses de compromiso, pensamento e ideoloxía. Afirmaba Agustín Fernández Paz que todos os libros están cargados de ideoloxía, pero cando esta coincide coa dominante, non se nota. A posición de Luís Rei Núñez aposta por tirar tabiques e combater a amnesia social rescatando episodios substanciais, combinando con acerto o individual co político-social. Deste xeito, constrúe o que case poderíamos denominar mosaicos, compostos por teselas que atesouran lembranzas que as máis das veces xorden a partir de epifanías, baixando sen medo ao pozo da memoria, pintando algunhas das súas historias cos tons da melancolía, a nostalxia, os soños da infancia ou percorrendo os territorios do amor e o desamor, ademais de demostrar a súa pericia na construción ou reconstrución dos espazos e as atmosferas e no deseño de personaxes.

En *Matarán a Reboiras* aparecen moitos dos aspectos até aquí enunciados. Estamos ante unha novela poliédrica que traspasa con moito o que se anuncia no seu provocador e contundente título. Enfrontámonos unha vez máis a un xogo cos límites entre a realidade e a ficción, un xogo convenientemente explicitado na cita inicial, tomada de Henry David Thoreau, a cal nos suxire a posibilidade de cubrir os ocos que a realidade nos nega, de complementala e comprendela, recorrendo á ficción. Conforme se avanza na lectura, e ante os episodios narrados, a cita faise presente unha e outra vez e empuxa a cuestionarse canto hai de invención e canto de feitos reais ou en que punto a realidade supera a ficción, ou viceversa.

A atribución expresada de novela poliédrica xustifícase se temos en conta que *Matarán a Reboiras* admite a lectura como relato intimista, vivencial, memorialista; como novela de alento histórico arredor da represión, a resistencia, a reivindicación, a historia do sindicalismo; como novela de intriga que, grazas as pescudas da parella protagonista, saca á luz as estratexias de control por parte dos poderes políticos e empresariais; como crónica xornalística documentada... E, por suposto, non deixa de acoller o que promete o título, o caso Reboiras,

a cazaría do dirixente político da UPG Xosé Ramón Reboiras Noia (Imo, Dodro, 1950-Ferrol, 1975) por parte da policía franquista no verán de 1975, pero tamén a folga de Bazán do 10 de marzo de 1972 en Ferrol, que se salda cos asasinatos de Amador Rey e Daniel Niebla, 160 despedimentos, 60 apresamentos, torturas e torturadores; a loita contra a planta de gas en Mugardos décadas despois; alusións á Guerra Civil, á posguerra, á represión, á loita obreira en xeral; referencias aos movementos Nunca Máis e contra a guerra de Iraq; e moitos máis feitos acontecidos na primeira década do século XXI. Coma cuarteiróns dunha laranxa saen tamén, dende a ficción e o prudente disfraze de identidades, as estratexias de censura na TVG para tapalo todo, sempre e a calquera prezo, os manexos do tecido empresarial e político, «a continuidade da estirpe insurrecta» dende os tempos da contenda civil.

E todo isto, que de entrada podería parecer un exceso, preséntase ben cosido mediante o fío condutor dunha trama argallada arredor de dous personaxes que simplemente se encontran, como a fame coa gana de comer ou o can coa rabia, e que consegue que a historia con maiúsculas, a dos grandes feitos, se vaia unindo coa máis íntima para enlazar o persoal co colectivo e conformar un conxunto que recorre ás recordacións de base epifánica ou, nalgún caso, ás reminiscencias proustianas, o cal reafirma a estirpe literaria da novela e da poética de Luís Rei Núñez.

Sen dúbida, un dos principais atractivos do texto reside nesa estraña parella que forman os dous personaxes que sustentan a trama, ambos excelentemente trazados. Arrincamos con Nardo Negro Núñez, garavanzo negro, humor negro, N ao cadrado, N ao cubo, un tipo desencantado, operador de cámara defenestrado da TVG, reporteiro gráfico, vencido pola vida e as insidias dun inimigo, cunha existencia marcada polas inconstancias, amante da poesía e das novelas negras, irónico, sarcástico, retranqueiro, bocalán, digno. E, canda el, a súa compañeira de aventuras, sor Marabillas Párraga, cuxa identidade se revela ao final do primeiro capítulo, ao descubriremos que, tras a aparente narración aséptica que acabamos de ler está a súa voz. Trátase dunha monxa por decepción amorosa, situada ideoloxicamente entre as liñas paralelas da fe en Cristo e o credo comunista. Activista, representante do cristianismo militante, compostelá de familia de avoengo, afeccionada á arte da esgrima, desafiante, intrépida, rebelde coma os heroes

das súas lecturas de infancia, Celia e Guillermo, parte activa do 68 compostelán, bebedora de augardente, con estudos de piano, francés e Filosofía e Letras na sección de Románicas, estes tardíos pola súa condición de muller. Ela é a samaritana que se empeñará en redimir a Nardo e ofrecerlle unha vía de escape para o seu desalento: primeiro, filmando vodas, bautizos e comuñóns; máis tarde, investigando man a man a historia recente para poñer en pé documentais. Todo un achado, o xornalista desencantado e a animosa monxa, que intercambian diálogos e réplicas sen desperdicio.

A voz e a perspectiva de Marabillas conducen o relato, o cal non quita que se dea paso a outras cando a trama así o require. Neste sentido, salienta a forma que adopta a novela para dar entrada aos documentais, pezas filmadas con obxecto de «emendar o xordo e mudo e indeciso e renitente esquecemento», externas ao relato pero que acaban integradas no discurso cando de gravadas pasan a escritas ou descritas. O primeiro destes documentais dálles voz a nada máis e nada menos que 24 testemuñas con nomes e apelidos; o segundo, a moitas menos e con outra estratexia diferente. Grazas ao recurso formal que se elixe para converter o visual en discurso narrativo, «lemos» imaxes nun relato trepidante.

O resultado é un gran crebacabezas no que todo acaba encaixando, nunha novela que

percorre fundamentalmente a xeografía compostelá, a ferrolá, a de Carnota e arredores, pero tamén outras; que conta con banda sonora de seu (Nino Rota, Mancini, Morricone, Roberto Carlos, Jacques Brel, o Alalá das Mariñas, Leonard Cohen, A Internacional, Janis Joplin, Faustino Santalices...) e cargada tamén de poetas e poesía (Carlos Oroza, César Vallejo, Éluard, Mallarmé, Léo Ferré, Garcilaso, Celso Emilio Ferreiro, Ferrín, e outros tantos mencionados). Unha novela que intitula a última parte cun irónico «Podedes ir en paz» e que nos convida no capítulo final a «Sapere aude» para concluír ofrecéndonos unha gratificante xustiza poética que fai que a ficción nos console de todos os males da realidade.

A banalidade, tan de moda, o centralismo da temática do eu fica ausente de *Matarán a Reboiras*, así que estamos ante unha novela que non merece a indiferenza do público lector nin a da crítica; máis ben o aplauso ao labor dun escritor vocacional e con oficio que toma a literatura en serio; a unha ficción construída sobre unha ampla documentación, unha intriga ben levada e uns personaxes redondos. Oxalá Luís Rei Núñez siga a indagar no baúl da memoria para rescatar asuntos relativamente recentes que deben ser contados.

Isabel Soto  
azos2012@gmail.com